

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Recadación***APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO IBI RÚSTICA, EXERCICIO 2018*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2018 o Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica (IBI RÚSTICA) correspondente ao exercicio 2018, estará a disposición do público no Servicio de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública do Padrón.

De conformidade do disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, pónse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica (IBI RÚSTICA) será o comprendido entre o 16 de xullo e o 15 de outubro do 2018, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

O Imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras ABANCA, LA CAIXA, BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA (BBVA), empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. Os contribuíntes que a 15 de setembro de 2018 non tivesen recibido nos seus domicilios os formularios de ingreso, disporán de prazo ata o 15 de outubro de 2018 para solicitalos na oficina de Recadación Municipal do Concello de Redondela e efectualo pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devengarán os recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Redondela, a 21 de xuño de 2018. Documento asinado dixitalmente ó marxe.

